



DE REDES A ARES

Adela Leiro, Mon Daporta
marzo 2019



Distancia: 7 km (lineal)

Dificultade: baixa



A volta á enseada de Ares e un pouco máis.

Unha camiñada de case 7 km para percorrer pola beira do mar, ou o máis preto posible da beira, o tramo menos agreste do litoral de Ares.

PERCORRIDO

Comezamos en **Redes**, baixamos do aparcamento á **praia de Area Morta** e volvemos para pasar polo peirao e seguir ata a **punta do Castelo**. Volvendo do castelo collemos o primeiro desvío á esquerda para achegarnos á **praia de Sabadelle** que se atopa a uns 500 m, no remate dun desvío á esquerda que atopamos a uns 300 m. Da praia de Sabadelle volvemos á estrada porque non é posible seguir pola beira, impídeo o releve, a falta de carreiros e os peches das parcelas; e seguimos por ela ata chegar a un cruce onde collemos á esquerda, e uns 200 m adiante a outro cruce onde volvemos collar á esquerda. Aquí podemos decidir se camiñamos uns 800 m para achegarnos á **punta do Mourón** que teríamos que desandar logo para collar, á esquerda, a estrada que nos leva ao Raso, ou só camiñar un cento de metros e collar o desvío á dereita, que nos leva á **praia do Raso**. Desde O Raso ata o remate do percorrido todo se fai doado, se a marea está moi baixa podemos facelo case todo pola area, se non percorremos pola area as praias do Raso e da **Campa**, no remate desta última subimos pola escala para collar o camiño á esquerda, logo estrada, que cruzando o Castro nos leva á **praia da Ciscada**. Desde a Ciscada polo paseo da ribeira percorremos o litoral da vila de Ares (**praia e porto**) e imos ata o final do traxecto.




Praia do Río Sandeo



Praia de Area Morta (Redes)



Redes, pequeno e acolledor porto pesqueiro situado nunha das zonas más abrigadas da ría.



Restos do castelo de Redes



Punta do Castelo (Redes)



Praia de Sabadelle e punta da Agra




Praia de Sabadelle



O Mourón desde a praia de Sabadelle.



Punta e illa Mourón



Praias do Raso e da Campa



O Raso



Rochas entre as praias da Campa e O Raso



Praia de Seselle (A Campa)



Punta e praias da Campa (O Castro)



Praia da Ciscada



Ares, vila pesqueira e turística asentada no leste da enseada entre a desembocadura do rego Vieira ou Xunqueira e a punta do Castelo. Detrás o monte Faro co cume da Bailadora.

